

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA TURISMO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019, e se procede á súa convocatoria.

O artigo 27.11 do Estatuto de autonomía de Galicia sinala como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia a promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade.

O Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, establece que a Axencia terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade.

A importancia do turismo no tecido económico e social de Galicia, así como o incremento da calidade do sector turístico, son considerados elementos primordiais para o crecemento sostido das cotas de competitividade, o que require a realización dun esforzo continuado na formación dos recursos humanos para adaptar as novas demandas ás actuacións dos titulados que inician a súa actividade neste sector.

Entre as iniciativas levadas a cabo neste eido, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia vén dedicando desde o ano 1999 parte dos seus recursos en materia turística á convocatoria de bolsas para que, a través da realización de prácticas na Rede de oficinas españolas de turismo no estranxeiro dependentes do Instituto de Turismo de España (Turespaña), se formen expertos en promoción exterior do turismo e se estableza unha base de apoio á captación de demanda turística a Galicia.

Á vista dos frutíferos resultados obtidos nas anteriores edicións, a Axencia Turismo de Galicia considera de interese continuar con esta medida e seguir fomentando a colaboración desenvolvida, na cal se considera prioritario afondar na organización cooperativa de accións en materia de investigación en particular, mediante a formación de bolseiros, o cal se articula a través dun convenio de colaboración asinado entre Turespaña e a propia Axencia.



Para a bolsa de Bruxelas asinouse un convenio entre a Axencia de Turismo e a Fundación Galicia Europa (FGE) de maneira que a persoa adxudicataria desenvolverá a formación da sede da FGE nesa cidade.

A importancia da convocatoria destas bolsas é maior se temos en conta a crecente presenza de Galicia en mercados internacionais, polo que a formación práctica de persoal será fundamental para o futuro, pois poderá contribuír á mellora da comercialización e difusión dos produtos turísticos de Galicia no exterior.

Atendendo a estas consideracións xerais, en virtude das competencias que me foron atribuídas, e por proposta da Axencia Turismo de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Convocatoria e bases reguladoras

Aprobar as bases reguladoras, que se inclúen como anexo I, polas cales se rexerá a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019 (código de procedemento administrativo TU981B).

Convocar de acordo coas devanditas bases reguladoras a concesión de oito bolsas de formación, en Londres, París, Berlín, Os Ánxeles, São Paulo, Bruxelas, Cantón e Milán.

Segundo. Solicitudes

1. Para poder ser beneficiario/a das bolsas deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo III desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 7 das bases reguladoras.

2. As solicitudes deberán presentarse na forma e no prazo establecidos no artigo 6.6 das bases reguladoras.

Terceiro. Prazo de duración do procedemento de concesión

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

Cuarto. *Información aos/as interesados/as*

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Turismo de Galicia, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia:

<http://www.turismo.gal/canle-institucional>

b) O teléfono: 981 54 74 06 ou enderezo electrónico: proxectos.turismo@xunta.gal

c) Presencialmente: Axencia Turismo de Galicia, Área de Calidade e Proxectos Europeos: estrada Santiago-Noia, km 1, 15897 Santiago de Compostela.

2. Para dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención ao presentar os formularios por vía electrónica, poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao correo electrónico 012@xunta.es. Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico proxectos.turismo@xunta.gal

Quinto. *Réxime de recursos*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de cinco bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e duración das bolsas*

Esta resolución ten por obxecto a aprobación das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a concesión de oito bolsas de formación práctica especializada en mercados emisores, en réxime de concorrência competitiva nas seguintes cidades: Londres, París, Berlín, Os Ánxeles, São Paulo, Bruxelas, Cantón e Milán.

O programa formativo desenvolverase ao longo dos anos 2018 e 2019 cunha duración máxima de 10 meses, contados desde a data da incorporación das persoas bolseiras.

A data prevista de incorporación dos/das bolseiros/as aos seus destinos é o 1 de outubro de 2018 e está condicionada á dispoñibilidade nas oficinas das consellerías de turismo en destino; en todo caso, manterase á duración total de 10 meses contados a partir da data de incorporación da persoa bolseira.

A Axencia Turismo de Galicia reserva para si a facultade, se existen circunstancias que o xustifiquen e o órgano competente de Turespaña está conforme, de adscribir os/as bolseiros/as a outras oficinas temporal ou definitivamente. No caso de que iso implique desprazamentos, a Axencia Turismo de Galicia faríase cargo deles.

Para poder ser beneficiario/a das bolsas deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo III desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 7.2 das bases reguladoras.



Artigo 2. *Importe e financiamento das bolsas*

1. A Axencia Turismo de Galicia financiará estas bolsas con cargo ás aplicacións orzamentarias 04.A2.761A.480.0 (importes brutos da remuneración dos/das bolseiros/as) e 04.A2.761A.484 (cotas da Seguridade Social) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2018 e 2019. A contía máxima prevista será de douscentos un mil setecentos sesenta euros con noventa céntimos (201.760,90 €) que se distribuirá do seguinte xeito:

Anualidade 2018:

04A2.761A.480.0: 109.131,94 euros.

04A2.761A.484.0: 1.001,76 euros.

Anualidade 2019:

04A2.761A.480.0: 89.289,77 euros.

04A2.761A.484.0: 2.337,44 euros.

2. A dotación económica das bolsas será a que se indica no seguinte cadro:

Cidade de destino	Nº de bolsas	Dotación euros (total)
Londres	1	28.735,90 €
París	1	22.960,60 €
Berlín	1	21.658,60 €
São Paulo	1	28.735,90 €
Os Ángeles	1	24.451,70 €
Bruxelas	1	28.735,90 €
Cantón	1	24.451,70 €
Milán	1	22.030,60 €

Na dotación de cada unha das bolsas están incluídos os gastos de desprazamento (ata e desde o lugar de destino) e o seguro médico, de accidentes e de responsabilidade civil obrigatorio.

3. Aboamento das axudas: realizaranse catro pagamentos unha vez recibidos de conformidade os documentos que se especifican a continuación a través do modelo normalizado que se inclúe como anexo VI desta resolución. O primeiro pagamento será do 20 % do im-



porte total da bolsa, e realizarase unha vez que a persoa bolseira estea incorporada efectivamente ao seu destino; os dous pagamentos seguintes serán o 35 % respectivamente; o cuarto pagamento será o 10 % da bolsa, unha vez finalizadas as prácticas. En todos os pagamentos efectuarase a correspondente retención á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

– Primeiro pagamento: para o seu aboamento é necesario achegar a seguinte documentación:

a) Escrito de aceptación da bolsa, onde conste o compromiso de cumprimento das normas e obrigas derivadas das bases desta convocatoria, segundo o modelo do anexo IV desta resolución.

b) Declaración responsable, segundo o modelo do anexo V desta resolución, de:

- Non ter ingresos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria ou percepción de prestación ou subsidio por desemprego.

- Non ter solicitada nin concedida ningunha outra subvención, axuda ou ingreso para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita a bolsa. No caso de que durante a vixencia da bolsa de formación concedida na Axencia Turismo de Galicia, deixe de cumprir a condición anterior por pasar a percibir calquera xénero de compensación económica, obrígase expresamente a poñelo en coñecemento do devandito centro directivo, causando baixa na percepción da bolsa.

- Non ter sido adxudicatario/a da mesma bolsa de formación en edicións anteriores ou ter renunciado á bolsa con posterioridade á súa aceptación.

c) Copias das pólizas de seguro de asistencia sanitaria, de accidentes e responsabilidade civil, válidas no país onde se realicen as prácticas e que cubran a totalidade do período de duración da bolsa.

d) Copias do billete ata o lugar de destino.

e) Datos da conta bancaria.

– Pagamentos intermedios (segundo e terceiro): para o seu cobramento será requisito ter presentado:

a) Certificación, expedida polo director ou responsable da oficina onde se realicen as prácticas conforme leva a cabo a súa actividade cun nivel de rendemento satisfactorio.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



b) Informe trimestral a que fai referencia o artigo 15 desta resolución.

– Pagamento final: para o cobramento do derradeiro pagamento hai que presentar:

a) Certificación expedida polo director ou responsable da oficina onde se realicen as prácticas no mesmo sentido do punto anterior.

b) Memoria realizada pola persoa bolseira visada polo director ou responsable de oficina cunha descrición das tarefas realizadas durante o período de formación e o balance dos resultados obtidos.

4. De conformidade co disposto no artigo 65.4.f) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), os/as beneficiarios/as das bolsas quedan exentos/as da obriga de constituíren garantía.

5. Durante o tempo de duración da bolsa a persoa bolseira quedará incluída no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

Artigo 3. *Obxectivo das bolsas*

O obxectivo das bolsas é fomentar o perfeccionamento profesional dos/das bolseiros/as mediante a realización de prácticas formativas de especialización en mercados turísticos emisores nas cidades de Londres, París, Berlín, Os Ánxeles, São Paulo, Bruxelas, Cantón e Milán, con suxeición ao plan de formación que se lles entregará ao comezo das súas prácticas e coas indicacións que lles transmita o titor que teñan asignado.

Artigo 4. *Condicións xerais*

As bolsas reguladas nesta resolución concederanse en réxime de concorrência competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

As bolsas serán indivisibles e improrrogables. Serán tamén incompatibles con calquera outra bolsa concedida para o mesmo período e con calquera actividade laboral ou remunerada.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



Os/as adxudicatarios/as, no momento de inicio da bolsa, non poderán ser perceptores de salarios ou outros ingresos que impliquen vinculación contractual ou estatutaria. As bolsas son incompatibles coa percepción de prestación ou subsidio por desemprego.

Os solicitantes non poderán estar incursos en ningún dos supostos de prohibición para obter subvencións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión e desfrute da bolsa non supoñerán vinculación civil, laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e a Axencia Turismo de Galicia.

A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Artigo 5. *Persoas beneficiarias*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Nacionalidade: ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.
2. Titulación: estar en posesión na data de aceptación da bolsa dun grao universitario ou titulación homologada ou equivalente.

Poderán participar no proceso de selección aqueles candidatos que no momento de presentación das solicitudes teñan superadas todas as materias do grao e estean pendentas da presentación e defensa do traballo de fin de grao. Estes candidatos deberán acreditar estar en posesión do título universitario no momento de aceptación da bolsa. O título achegado non poderá ser anterior ao 31 de decembro de 2014.

Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais, deberán estar validados ou recoñecidos oficialmente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3. Linguas:

a) Galego: os solicitantes deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.



b) Outras linguas:

b.1) Para as bolsas de Londres, París, Berlín, Os Ánxeles, Milán, e São Paulo deberase acreditar o coñecemento da lingua oficial do país.

b.2) Para a bolsa de Bruxelas deberase acreditar o coñecemento das linguas francesa ou inglesa.

b.3) Para a bolsa de Cantón deberase acreditar o coñecemento das linguas chinesa ou inglesa.

O nivel de coñecemento acreditarase mediante o título da escola oficial de idiomas ou outras institucións oficiais dentro do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) e será o seguinte:

– Nivel B2 na lingua oficial do país para as bolsas de Londres, Berlín, Os Ánxeles e París.

– Nivel B2 en francés ou inglés para a bolsa de Bruxelas.

– Nivel B2 en chinés ou inglés para a bolsa de Cantón.

– Nivel B1 na lingua oficial do país para as bolsas de São Paulo e Milán.

4. En ningún caso poderán ser beneficiarios/as destas bolsas aqueles solicitantes que fosen adxudicatarios dela en edicións anteriores. Quedarán tamén excluídos da convocatoria aqueles solicitantes que fosen adxudicatarios das bolsas e que renunciasesen a elas con posterioridade á súa aceptación.

Artigo 6. Solicitudes e prazo

1. As solicitudes deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo



común utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Artigo 7. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

Para poder ser beneficiario/a das bolsas é necesario presentar a seguinte documentación:

1. Solicitud do anexo III. Neste anexo inclúense as seguintes declaracións responsables:

a) Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

b) Declaración responsable de non estar incurso/o en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Declaración de non atoparse incurso/o en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



f) Declaración responsable das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para o mesmo período.

2. Xunto coa solicitude achegárase a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte no caso de nacionais da Unión Europea residentes fóra de España e que non posúan NIE.

b) Certificación do pagamento dos dereitos de expedición dos títulos universitarios. No caso de presentar un título estranxeiro será preciso que estea debidamente validado pola Administración educativa española.

c) Certificación académica persoal de carácter oficial do título universitario con que se presenta á selección. Deberase presentar certificado expedido pola universidade en que conste a nota media do expediente, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003 (ata 10 puntos).

d) Os candidatos que no momento de presentar as solicitudes estean na situación descrita no parágrafo segundo do artigo 5.2 das bases deberán presentar unha certificación expedida pola autoridade académica competente onde se faga constar que teñen superadas todas as materias da titulación e que están pendentes da presentación e defensa do traballo de fin de grao.

e) Copia dos documentos acreditativos computables dos méritos alegados.

f) Relación de méritos puntuables conforme o anexo VII das bases reguladoras. En ningún caso se achegará documentación relativa a méritos non susceptibles de valoración.

g) Copia do título do Celga 4 ou certificación equivalente de lingua galega no caso de que non fose expedido pola Xunta de Galicia.

h) Copia dos títulos acreditativos do nivel de idiomas segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



i) Copia dos contratos de traballo ou copia do certificado expedido polo organismo onde se realizaron as prácticas.

j) Informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A documentación complementaria tamén se poderá presentar en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar por vía electrónica por parte da persoa solicitante ou representante supere os tamaños e límites establecidos pola aplicación, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicárase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

6. As persoas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



Artigo 8. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) Título oficial universitario.
- c) Título oficial non universitario.
- d) Título do Celga 4 expedido pola Xunta de Galicia.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Se a solicitude non se cubrise en todos os seus termos ou non se acompañase a documentación que se menciona neste artigo, requirirase a persoa interesada para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse a persoa solicitante para que forneza cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Comisión de valoración*

Unha comisión de valoración nomeada pola directora da Axencia Turismo de Galicia será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxec-



tivos fixados no artigo 11 e emitirá un informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada. A comisión de valoración poderá contar co asesoramento de expertos externos, que terán voz pero non voto nas sesións en que participen.

1. A comisión de valoración estará composta por tres membros, todos eles con voz e voto:

a) Presidente: o director de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue.

b) Secretario: un/unha xefe/a de área da Axencia Turismo de Galicia.

c) Vogal: unha persoa designada polo director de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia entre o persoal de área da Axencia Turismo de Galicia.

2. No informe que elabore a comisión de valoración farase constar a puntuación obtida polos candidatos no conxunto da probas ordenado de maior a menor. O informe será remitido ao órgano instrutor do procedemento.

Artigo 11. *Avaliación e selección das solicitudes*

A comisión fará a avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1.1. *Curriculum vitae*: máximo 25 puntos.

Formación	
Expediente académico	Pola nota media do título universitario con que concorre á bolsa: – 0,5 puntos para a cualificación de notable. – 1 punto para a cualificación de sobresaliente ou matrícula de honra. Os candidatos que no momento de presentación das solicitudes non tiveran o título académico obterán unha puntuación de 0 puntos nesta epígrafe.
Máster	5 puntos por mestrado universitario relacionado con turismo.
Outros estudos relacionados con turismo	– 2 puntos por curso de posgrao universitario relacionado con turismo. – 1 punto por curso de experto ou especialización universitaria ou equivalente en materia de turismo. – 1 punto por técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turísticas ou equivalente. – 1 punto por técnico superior en Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos ou equivalente.
Outras titulacións universitarias non relacionadas con turismo	– 0,75 puntos por máster. – 0,50 puntos por posgrao. – 1 punto por outras titulacións universitarias de grao ou equivalente.



Cursos relacionados con turismo	Por cada curso de formación na materia de turismo, de 30 ou máis horas: – Cursos de duración igual ou superior a 75 horas: 1 punto por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e ata 74 horas: 0,5 puntos por curso. – Cursos de duración igual ou superior a 30 horas e ata 49 horas: 0,25 por curso.
Idiomas	Por un nivel superior ao exigido como requisito mínimo na lingua requirida para o país para o cal se solicita a bolsa acreditado mediante o título da escola oficial de idiomas ou outras institucións oficiais dentro do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL). – Inglés (para todas as bolsas): • Certificado B2: 0,5 puntos (no caso das bolsas de Londres e Os Ánxeles non será puntuable por ser requisito mínimo). • Certificado C1 ou C2: 1 punto. – Francés (bolsa París e Bruxelas): • Certificado B2: 0,5 puntos. • Certificado C1 ou C2: 1 punto. – Alemán (bolsa Berlín): certificado C1 ou C2: 1 punto. – Chinés (bolsa Cantón): certificado C1 ou C2: 1 punto. – Portugués (bolsa São Paulo): • Certificado B2: 0,5 puntos. • Certificado C1 ou C2: 1 punto. – Italiano (bolsa Milán): • Certificado B2: 0,5 puntos. • Certificado C1 ou C2: 1 punto. As puntuacións por niveis dunha mesma lingua non son acumulativas.
Experiencia práctica	0,25 puntos por cada tres meses de prácticas ou traballo relacionado co turismo en oficinas de turismo, empresas turísticas, asociacións profesionais de turismo, consorcios ou mancomunidades turísticas ou calquera outra empresa vinculada ao sector turístico. A puntuación máxima que se poderá acadar nesta epígrafe será de 2 puntos.

1.2. Probas.

Test de coñecementos turísticos	Ata 5 puntos
Caso práctico sobre coñecementos turísticos	Ata 5 puntos
Probas de idiomas	Ata 5 puntos
Entrevista persoal	Ata 5 puntos

1.2.1. O test de coñecementos consistirá nun cuestionario tipo test cun máximo de 50 preguntas sobre as materias incluídas nos temas 1 a 12 do anexo II.

1.2.2. O caso práctico sobre coñecementos turísticos será unha proba escrita sobre as materias incluídas nos temas 13, 14 e 15 do anexo II.

A comisión de valoración determinará o nivel mínimo necesario para superar ambas as probas. Os candidatos que non superen as probas quedarán automaticamente excluídos do proceso de selección.



1.2.3. A proba de idioma desenvolverase en dous exercicios:

– Primeiro exercicio: consistirá nunha tradución ou redacción dun texto na lingua oficial do país elixido.

– Segundo exercicio: consistirá nunha proba oral na cal se avalíen as competencias en expresión e comprensión da persoa candidata na lingua do país receptor.

1.2.4. Entrevista persoal.

As persoas candidatas seleccionadas serán convocadas a unha entrevista na cal se valorarán os seus coñecementos sobre a Administración turística galega, do mercado turístico do país para o cal se solicite a bolsa, comercialización e promoción dos principais recursos e produtos turísticos de Galicia e a súa capacidade de adaptación e de traballo en equipo, especialmente nun contorno multicultural e multilingüe.

Os candidatos que non se presenten á entrevista quedarán automaticamente eliminados do procedemento de selección.

Artigo 12. *Instrución do procedemento e tramitación*

1. A competencia para resolver as solicitudes de concesión de bolsas presentadas ao abeiro desta convocatoria corresponderalle á directora da Axencia Turismo de Galicia.

2. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia que, de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizará cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o director de Competitividade aprobará as listaxes provisionais de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, que será publicada no taboleiro de anuncios da páxina web de Turismo de Galicia e nos lugares determinados pola normativa vixente, con indicación dos seus apelidos, nome e número de documento nacional de identidade e das causas determinantes das exclusións que procedan.



As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderase implícita na resolución pola cal se publique a listaxe definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os. Estas listaxes publicaranse na páxina web de Turismo de Galicia e serán remitidas á comisión de valoración.

Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa da desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A comisión de valoración convocará os candidatos admitidos para realizar as correspondentes probas. A data e o lugar da realización das probas e da entrevista publicaranse no taboleiro de anuncios da páxina web da Axencia Turismo de Galicia <http://www.turismo.gal/canle-institucional/actualidade/taboleiro-de-anuncios>. A concorrencia á proba de coñecementos e á entrevista persoal é obrigatoria. As persoas candidatas que non se presenten ás probas ou á entrevista serán automaticamente excluídas do procedemento de selección.

5. A comisión valorará os méritos alegados polos candidatos conforme o baremo indicado nas bases e formulará un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada e a puntuación obtida, que será remitida ao órgano instructor.

6. O órgano instructor, inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porá de manifesto ás persoas interesadas os resultados das probas recollidos no informe da comisión de valoración para que nun prazo de dez (10) días, computados a partir da publicación na web, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

7. Transcorrido o trámite de audiencia, o órgano instructor fará unha proposta de resolución onde consten as puntuacións definitivas dos candidatos ordenadas de maior a menor e propondrá para a adxudicación das bolsas aqueles candidatos que obtivesen a mellor puntuación para cada destino.

No caso de empate na puntuación obtida en calquera das modalidades das bolsas, este resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido das persoas candidatas, comezan-



do pola letra resultante no sorteo realizado en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. Elaborarase unha lista de reserva por destinos para o caso de que houberse renuncias ás bolsas.

8. A proposta de resolución será remitida á directora da Axencia Turismo de Galicia, que no prazo máximo de 15 días resolverá o procedemento de concesión. O prazo máximo para tramitar e resolver a concesión das bolsas será de cinco meses, desde a data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que se ditase resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

9. A resolución da directora da Axencia Turismo de Galicia pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia Turismo de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

10. A concesión da bolsa seralles notificada ás persoas adxudicatarias que, nun prazo de 10 días hábiles computados a partir da data de publicación da resolución, están obrigadas a comunicarlle á Axencia Turismo de Galicia a súa aceptación ou renuncia por escrito conforme o modelo que figura como anexo V desta convocatoria. Se transcorridos os sinalados 10 días non se producise manifestación expresa, esta entenderase tacitamente rexeitada. Se a persoa beneficiaria renunciase expresamente á bolsa, esta concederase á/ao seguinte candidata/o con mellor puntuación da lista de reserva do destino correspondente. Se nalgún dos destinos non houberse candidatos na lista de reserva poderase ofrecer a bolsa ao candidato con mellor puntuación xeral nos conxunto das probas con independencia do destino solicitado sempre que cumpra os requisitos mínimos de lingua.

11. Se durante o desenvolvemento das prácticas se produce algunha vacante ou renuncia por parte das persoas beneficiarias, procederase á cobertura desta seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva en función da puntuación obtida.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



Artigo 13. *Publicidade*

A anterior resolución, así como os datos que deban notificarse de forma conxunta, publicárase na páxina web da Axencia Turismo de Galicia:

<http://www.turismo.gal/canle-institucional/actualidade/taboleiro-de-anuncios>

Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os seus efectos.

Artigo 14. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Ademais das obrigas previstas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas seleccionadas quedan obrigadas pola aceptación da bolsa a:

1. Aceptar en todos os seus termos esta resolución. A comprobación de datos non axustada á realidade, tanto na solicitude como na documentación achegada, poderá supor a denegación ou revogación da axuda.



2. Subscribir un seguro de asistencia sanitaria, de accidentes e de repatriación no caso de accidente ou enfermidade e de responsabilidade civil, que terá cobertura internacional e vixencia polo período de duración da bolsa, ou ben acreditar por calquera medio admitido en dereito dispor da dita cobertura.

3. Obter pola súa conta o visado necesario para o acceso e permanencia no país de destino durante o período de gozo da bolsa, así como respectar a lexislación correspondente en materia de visados.

Ademais, deberán residir no lugar de destino durante o período da bolsa e non ausentarse deste sen previa comunicación e autorización do titor/a.

4. Realizar as actividades previstas no plan de formación e a cumprir o horario indicado polo seu titor. Deben remitir á Axencia Turismo de Galicia informes trimestrais sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos e, ao remate da bolsa, presentarán unha memoria final sobre as actividades desenvolvidas visada polo titor ou responsable da oficina onde se realizaron as prácticas con inclusión das melloras que consideren oportunas.

5. Comezar o gozo da bolsa dentro do prazo que se sinala en cada caso e desenvolver o seu labor sen que ningún outro compromiso anterior ou futuro o impida ou dificulte.

6. Manter un comportamento que en ningún caso implique un prexuízo para os intereses da Xunta de Galicia nin para a imaxe exterior de Galicia e España.

7. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

8. Todos os estudos, informes e demais documentos que xere a persoa bolseira durante o desenvolvemento da súa formación quedarán á disposición da Axencia Turismo de Galicia e de Turespaña, as cales serán titulares dos dereitos de explotación e demais relativos á propiedade intelectual dos estudos e informes. As persoas bolseiras deberán aceptar por escrito esta atribución de dereitos a favor das devanditas entidades antes da súa incorporación ao país de destino.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



Artigo 16. *Certificado de aproveitamento*

O/a titor/a ou persoa competente na Axencia Turismo de Galicia expedirá un certificado sobre asistencia e aproveitamento da bolsa.

Artigo 17. *Incidencias*

A Axencia Turismo de Galicia resolverá todas as dúbidas e incidencias que poidan xurdir na aplicación da presente convocatoria.

En calquera momento a persoa responsable da oficina correspondente ou o/a titor/a poderá propoñerlle á Dirección da Axencia Turismo cancelar a bolsa por falta de rendemento da persoa beneficiaria, incumprimento do plan de actuación aprobado ou inadaptación ás normas de funcionamento da OET. A Dirección da Axencia Turismo de Galicia, logo de dar trámite de audiencia ao interesado, poderá revogar a concesión da bolsa por incumprimento das obrigas contraídas pola persoa adxudicataria.

A Axencia Turismo de Galicia poderá autorizar a interrupción temporal da bolsa, logo da incorporación do bolseiro ao destino adxudicado por motivos de forza maior. No caso de que a interrupción supere o 10 % do tempo total de duración da bolsa suporá a súa revogación.

A renuncia durante o goce da bolsa inhabilitará a persoa adxudicataria para os efectos de presentación nas seguintes convocatorias, agás nos casos de forza maior, que serán valorados pola Axencia Turismo de Galicia.

O incumprimento dos compromisos adquiridos de acordo coas bases precedentes dará lugar á revogación da axuda concedida e, de ser o caso, á reclamación das cantidades xa pagadas de conformidade co disposto na lexislación vixente. Así mesmo, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa obxecto desta resolución e a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes privados nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



Artigo 18. Notificación electrónica

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante a plataforma de notificación electrónica dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://notifica.xunta.gal>. De acordo coa normativa vixente en materia desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, o sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta á disposición da persoa interesada do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais. Sen prexuízo do anterior, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia poderá remitir ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante correo electrónico dirixido ás contas de correo que consten nas solicitudes para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada.

3. Se transcorren dez días naturais desde a posta á disposición dunha notificación electrónica sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada e terase por efectuado o trámite seguíndose o procedemento, salvo que de oficio ou por instancia da persoa destinataria se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

4. Se a notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo.

Artigo 19. Remisión normativa

En todo o non recollido na presente orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



administrativo común das administracións públicas, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificada pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na actualidade correspondente.

Disposición adicional. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Axencia Turismo de Galicia coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



ANEXO II
Temario

Tema 1. Principais recursos do patrimonio arquitectónico en Galicia.

Tema 2. Principais recursos do patrimonio cultural inmaterial galego, en especial o folclore.

Tema 3. A gastronomía galega.

Tema 4. Historia de Galicia. Principais feitos históricos.

Tema 5. Elementos principais da rede de museos e centros de interpretación de Galicia.

Tema 6. Os tramos galegos dos Camiños de Santiago.

Tema 7. Áreas naturais no litoral: rías, illas e praias, zonas húmidas e areais, cantís.

Tema 8. Áreas naturais do interior: as montañas, os vales fluviais, os bosques e as lagoas.

Tema 9. As cidades e vilas galegas como focos de atracción turística.

Tema 10. Os novos produtos turísticos de Galicia (turismo termal, rural, de congresos e convencións, náutico, golf, turismo activo e de natureza, etc.).

Tema 11. Competencias da Administración do Estado e da Xunta en materia turística.

Tema 12. A Administración turística en Galicia. Órganos e funcións.

Tema 13. Nocións básicas sobre planeamento de destinos turísticos.

Tema 14. Ferramentas de promoción e comercialización de produtos e paquetes turísticos

Tema 15. Estratexias de promoción e comercialización de Galicia como destino turístico.





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO III

PROCEDIMENTO BOLSAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN MERCADOS EMISORES MEDIANTE A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ESPECIALIZACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO EN MERCADOS EMISORES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TU981B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF/PASAPORTE	
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
☐ Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
☐ Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			

MODALIDADE DE BOLSA (marque unha ou varias modalidades)	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN LONDRES	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN PARÍS	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN BERLÍN	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN SÃO PAULO	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA NOS ÁNXELES	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN BRUXELAS	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN MILÁN	
☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN CANTÓN	

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIAANEXO III
(continuación)**A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que nas datas que a seguir se relacionan presentou, de ser o caso, solicitudes das seguintes bolsas ou axudas, e o seu estado está pendente de resolución:

ADMINISTRACIÓN, INSTITUCIÓN OU ENTE PÚBLICO AO CAL SE LLE SOLICITOU A AXUDA	DATA DA SOLICITUDE

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Copia do pasaporte no caso de nacionais da Unión Europea residentes fóra de España e que non posúan NIE.
- ☐ Certificación do pagamento dos dereitos de expedición dos títulos universitarios. No caso de presentar un título estranxeiro será preciso que estea debidamente validado pola Administración educativa española.
- ☐ Certificación académica persoal de carácter oficial do título universitario con que se presenta á selección. Deberase presentar certificado expedido pola universidade en que conste a nota media do expediente, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003.
- ☐ Certificación expedida pola autoridade académica competente onde se faga constar que teñen superadas todas as materias da titulación e que están pendentes da presentación e defensa do traballo fin de grao.
- ☐ Copia dos documentos acreditativos computables dos méritos alegados.
- ☐ Relación de méritos puntuables conforme o anexo VII.
- ☐ Copia do título do Celga 4 ou certificación equivalente da lingua galega (no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia).
- ☐ Copia dos títulos acreditativos do nivel de idiomas conforme o Marco común europeo de referencia para as linguas.
- ☐ Copia dos contratos de traballo ou copia do certificado expedido polo organismo onde se realizaron as prácticas.
- ☐ Informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas

DNI/NIE da persoa solicitante

Título oficial universitario

Título oficial non universitario

Título do Celga 4 expedido pola Xunta de Galicia

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**
PRESIDENCIAANEXO III
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 2 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019, e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Axencia Turismo de Galicia

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO IV

MODELO DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF/PASAPORTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

MANIFESTA

Que o día recibiu a notificación da concesión da bolsa (marque a opción que corresponda) que lle foi otorgada ao abeiro da Resolución do 2 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019, e se procede á súa convocatoria.

- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN LONDRES
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN PARÍS
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN BERLÍN
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN SÃO PAULO
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA NOS ÁNXELES
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN BRUXELAS
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN MILÁN
- ☐ BOLSA DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN CANTÓN

E DECLARA

- ☐ Que acepta a bolsa concedida e, así mesmo, acepta o compromiso de cumprimento das normas e obrigas derivadas das bases da convocatoria.
- ☐ Que renuncia á bolsa concedida, cos efectos que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



Axencia Turismo de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non ter ingresos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria ou percepción de prestación ou subsidio por desemprego.
- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas non se solicitou nin concedeu ningunha outra subvención, axuda ou ingreso para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita a bolsa.
- Que en relación co requisito establecido no artigo 4 das bases reguladoras da presente resolución non foi beneficiaria/o desta mesma bolsa de formación nin renunciou a ela durante o seu desenvolvemento.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO VI

SOLICITUDE DE COBRAMENTO DA BOLSA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF/PASAPORTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

Persoa beneficiaria dunha bolsa concedida ao abeiro da Resolución do 2 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019, e se procede á súa convocatoria, con código de expediente:

SOLICITA:

Que se proceda ao seguinte pagamento da bolsa concedida, para o cal presenta a documentación que se detalla:

☐ PRIMEIRO PAGAMENTO

- ☐ Anexo IV (modelo de aceptación da bolsa)
- ☐ Anexo V (declaración responsable)
- ☐ Copias das pólizas de seguro de asistencia sanitaria e accidentes, válidas no país onde se realicen as prácticas e que cubran a totalidade do período de duración da bolsa
- ☐ Copia do billete ata o lugar de destino

☐ SEGUNDO PAGAMENTO

- ☐ Certificación, expedida polo/a director/a ou persoa responsable da oficina onde se realicen as prácticas, de levar a cabo a súa actividade cun nivel de rendemento satisfactorio
- ☐ Informe trimestral a que fai referencia o artigo 14 desta resolución

☐ TERCEIRO PAGAMENTO

- ☐ Certificación, expedida polo/a director/a ou persoa responsable da oficina onde se realicen as prácticas, de levar a cabo a súa actividade cun nivel de rendemento satisfactorio
- ☐ Informe trimestral a que fai referencia o artigo 14 desta resolución

☐ CUARTO PAGAMENTO

- ☐ Certificación, expedida polo/a director/a ou persoa responsable da oficina onde se realicen as prácticas, de levar a cabo a súa actividade cun nivel de rendemento satisfactorio
- ☐ Memoria realizada polo/a bolseiro/a e visada polo/a director/a ou persoa responsable da oficina acerca do labor realizado e cun balance que inclúa os resultados obtidos

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO VII

RELACIÓN DE MÉRITOS PUNTUABLES DA PERSOA SOLICITANTE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

NOTA MEDIA DO TÍTULO CON QUE CONCORRE Á BOLSA

TITULACIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	NOTA MEDIA	PUNTOS ALEGADOS

MÁSTER RELACIONADO CON TURISMO

NOME DO MÁSTER	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	PUNTOS ALEGADOS

OUTROS ESTUDOS RELACIONADOS CON TURISMO

TITULACIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	PUNTOS ALEGADOS

OUTRAS TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS NON RELACIONADAS CON TURISMO

TITULACIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	PUNTOS ALEGADOS





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO VII
(continuación)

CURSOS RELACIONADOS CON TURISMO

DENOMINACIÓN DO CURSO	HORAS LECTIVAS	PUNTOS ALEGADOS

NIVEL DE IDIOMAS DISTINTOS DOS EXIXIDOS COMO REQUISITO MÍNIMO

DENOMINACIÓN DA ACREDITACIÓN	CENTRO DE EXPEDICIÓN	NIVEL DO MARCO COMÚN EUROPEO DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS	PUNTOS ALEGADOS

EXPERIENCIA PRÁCTICA RELACIONADA CO OBXECTO DA BOLSA

TIPO DE ACTIVIDADE	CENTRO DE TRABALLO	DURACIÓN EN MESES	PUNTOS ALEGADOS

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: 0jtd6ez6-gn64-00u6-4m54-011vfnata4w2



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>